




Área / Unidad CONTRATACION CT0000 GVB	Documento 43018I01MK	
Código de verificación  300M 6R0N 0X3C 2B0F 0GGG	Expediente 211/2024/84	
	Fecha 03-05-2024	

Asunto: *resolución autorización do gasto e aprobación de expediente*

RESOLUCIÓN

Á vista do informe-proposta emitido polo Servizo de Contratación, con código CSV 21196I5A5S1V4Q3N13H2, e facendo uso das facultades que me confire a Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, e o acordo de delegación da Xunta de Goberno Local do 05.07.2023 (BOP do 11.07.2023)

RESOLVO:

PRIMEIRO. Autorizar o gasto de 56.390,63 € (IVE incluído), que supón a contratación do *servizo de restauración na Cea do Deporte do ano 2024 que se desenvolverá na Cidade da Coruña*, gasto imputable á aplicación 52.341.22799 do orzamento municipal do ano 2024, constando no expediente os correspondentes documentos contables.

Para o prazo de prestación do servizo haberá de estarse ao sinalado no anexo prego tipo de cláusulas administrativas particulares que rexe esta licitación que establece “[...] *O contrato terá efectos desde a data de formalización ata o día da celebración da cea do Deporte 2024. Desta forma establécese a obrigaón de que o coordinador da empresa, a partir da data de formalización do contrato, se poña en contacto co Servizo Municipal de Deportes e participe nas xuntanzas de planificación do evento, cando se trate de temas de organización, montaxe e do servizo de camareiros. Con todo, os días de traballo efectivo do persoal de montaxe, instalación de elementos e de organización, realizaranse durante 3 días e do persoal dos servizos específicos para á realización da cea, o día do evento [...]*”. O anexo prego tipo non contempla a posibilidade de prórrogas do contrato.

SEGUNDO. Aprobar o expediente de contratación e dispoñer a apertura do procedemento de adjudicación mediante procedemento aberto simplificado abreviado previsto nos artigos 150 e 159.6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26.02.2014, aprobando ao efecto o prego de prescricións técnicas e o anexo que acompaña os pregos tipo de cláusulas administrativas particulares aprobados pola Xunta de Goberno Local o 7 de febreiro de 2020, que rexerán este contrato.

TERCEIRO. Encomendar ao Servizo de Contratación a realización dos trámites necesarios para a apertura do procedemento de licitación e seguimento do oportuno expediente.

A Coruña, no día da sinatura electrónica deste documento

O concelleiro delegado responsable da Área de Fomento e Promoción da Cidade

Gonzalo Henrique Castro Prado